WIKIPEDIA

Lingua chipaia

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua chipaia** é unha lingua falada nos Andes bolivianos por ao redor de 2.000 persoas. Pertence á familia uru-chipaia, que á súa vez é un grupo illado ao que non se lle coñecen relacións próximas. O chipaia fálase na actualidade unicamente na vila de Chipaya, nas ribeiras do lago Coipasa, se ben hai testemuños de que se falou nunha zona máis grande, probabelmente na veciña vila de Isluga (Chile), e tamén a empregan os habitantes de Chipaya que van traballar fóra da súa vila como temporeiros.

Os chipaias denomínanse *qhwaz-zh zhoñi*[1] (os homes da auga), e á súa lingua *chipaj tago*[2]

Chipaia *Puquina*	
Falado en:	Andes bolivianos
Total de falantes:	1 200 (1995)
Familia:	Linguas uru-chipaya **Chipaia**
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	---
ISO 639-3:	cap (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=cap)

Índice

Historia

As pescudas filoxenéticas apuntan que a separación entre a lingua uru (hoxe extinta[3]) e a chipaia se produciu entre os séculos II e III dC, baseándose en datos de semellanzas de vocabulario. A lingua permaneceu sempre no seu rexistro oral ata que en datas moi recentes algúns lingüistas e falantes traballaron no desenvolvemento dun alfabeto propio.

Existen diversos textos que estudan o chipaia no século XX, con algúns bosquexos gramaticais e repertorios léxicos.

Tipoloxía

Conforme a súa gramática, podería dicirse que o chipaia é unha lingua aglutinante, porén con características propias infrecuentes no conxunto das linguas aglutinantes.

Recibiu grandes influencias do aimará tanto no léxico como no gramatical, e máis recentemente influencias do español.

Conservación

O chipaia é a lingua materna dos habitantes da vila de Santa Ana de Chipaya, na provincia de Atahuallpa, cunha poboación dunhas 2.000 persoas (1.800 no último censo, de 2001). A vila conta cunha escola de primaria e un instituto de secundaria, o ensino vehiculízase en español, se ben en tempos recentes a aprendizaxe da escrita do chipaia comeza a ter algunha presenza na escola da vila. Así pois, os seus habitantes escolarizados teñen un certo nivel de español, aínda que as conversas internas se seguen desenvolvendo integramente en chipaia.

Notas

1. Rodolfo Cerrón-Palomino *El chipaya o la lengua de los hombres del agua*, Universidade Católica de Perú, 2006
2. Pieter Muysken *Uchumataqu: Research in Progress on the Bolivian Altiplano*, *International Journal on Multicultural Societies*, Vol. 4, No. 2 , 2002
3. Katja Hannss *Uchumataqu: The Lost Language of the Urus of Bolivia: a Grammatical Description of the Language as Documented Between 1897 and 1952*, CNWS, 2008.

Traído desde "https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_chipaia&oldid=4413670"

A última edición desta páxina foi o 26 de xullo de 2017 ás 11:17.

Todo o texto está dispoñible baixo a licenza Creative Commons recoñecemento compartir igual 3.0; pódense aplicar termos adicionais. Consulte os termos de uso para obter máis información.
Wikipedia® é unha marca rexistrada da Wikimedia Foundation, Inc., unha organización sen fins lucrativos.